| DENOMINACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **A CROA** | | | |
| CLAVE DE IDENTIFICACIÓN (D.X.P.) | PARROQUIA | CONCELLO | PROVINCIA |
| GA36042090 | RIBADETEA (San Xurxo) | PONTEAREAS | PONTEVEDRA |

| CÓDIGO UNIDADE PARROQUIAL | Nº PLANO P.X.O.M. | ALTITUDE (m. s.n.m.) | PROXECCIÓN U.T.M. | | COORDENADAS. XEOGRÁFICAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 21 | 6-11 | 40 | X: 539.818 | Y: 4.672.938 | LONX.: 08º 31' 04'' | LAT.: 42º 12' 25'' |

| ADSCRIPCIÓN TIPOLÓXICA | ADSCRIPCIÓN CULTURAL | CLASIFICACIÓN DO SOLO |
|---|---|---|
| CASTRO / ASENTAMENTO FORTIFICADO | IDADE DO FERRO | SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO |




PLANO



FOTOGRAFÍA

ESCALA 1:10.000

Protección Integral (PI)

Área Protección (AP)

Limite Xacemento

Elemento Puntual

LENDA PLANO



PLANO DIRECTOR P.X.O.M.

| ESTADO ACTUAL | | | CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO | |
|---|---|---|---|---|
| **USO DO SOLO** | **PROPIEDADE** | **DESTRUCCIÓNS E ALTERACIÓNS** | **EMPRAZAMENTO TOPOGRÁFICO** | **USO DO ENTORNO** |
| Forestal | Privada (varios propietarios), Privada (mancomún). | Estrada e pistas afectan o sistema defensivo. Explanación e restos dun antigo vertedoiro | Fondo de val, á beira do río Tea | Forestal |

| (-) ESTADO DE CONSERVACIÓN (+) | (-) POTENCIALIDADE PARA POSTA EN VALOR (+) | (-) VALORACIÓN DO CONTORNO (ambiente e paisaxe) (+) |
|---|---|---|
| 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☒ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☒ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☒ 5 ☐ |

| ESTRUCTURA CATASTRAL | | DATA ELABORACIÓN FICHA | DECEMBRO-2004 |
|---|---|---|---|

## DESCRICIÓN

Espectacular xacemento, non tanto polo seu recinto habitacional senon pola complexísima sucesión de parapetos e foxos. Planteamos a posibilidade de que a obra efectuada no se corresponda únicamente cun sistema defensivo, senón que ademais poda estar acompañada dunha posible zona de explotación de recursos, mina aurífera. O conxunto de anomalías detectadas na superficie ten unha dimensión de 550 metros no eixo N-S e 250 metros no eixo E-W. O recinto do castro se sitúa á beira do río Tea de xeito que o único parapeto que posúe ó norte cae directamente sobre o curso fluvial. Ten forma redondeada con eixo máximos de 100 metros, N-S e 80 m. E-W. Presenta un terraplén contínuo en todo o perímetro, menos desenvolvido polo sur. Por esta zona conta con foxo e a partir de aí comeza a sucesión de parapetos. Estes enchen por completo o cuadrante oeste-sueste, nunha disposición obícua e paralela a un eixe central que chega ata o castro nunha aliñación SW-NE. Ó noroeste dese eixe pódense contar ata 13, algúns cortados en parte nas inmediación da pista forestal. Ó sueste temos ata 12, entre os mais longos (90 metros) e os mais curtos (15 metros). No extremo sur deste primeiro conxunto algúns dos foxos e parapetos, alcanzan dimensións esaxeradas e morfolóxicamente anómalos, como un deles cunha lonxitude de 125 metros e unha anchura no cimo de 20 metros. Son estas formación as que recordan mais a restos de minería que a parapetos defensivos. Dende este punto ata uns 100 metros ó sur desparece calquera sinal de obra e a partir de aquí volven a aparecer unha sucesión de tres foxos e catro parapetos, perpendiculares ó rio.

## BIBLIOGRAFÍA

Hidalgo Cuñarro, J.M.: "Apuntes arqueológicos sobre las tierras del Condado y valles del Tea". Soberosum nº 2. Ponteareas. 1997
González Pérez, C.: "Aproximación a la historia de Puenteareas". Ponteareas.1983
Filguera Valverde, J.; García Alén, A.: "Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra". E.M.P. T. XIII. 1959

| DENOMINACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| **A CROA** | | | |
| CLAVE DE IDENTIFICACIÓN (D.X.P.) | PARROQUIA | CONCELLO | PROVINCIA |
| GA36042090 | RIBADETEA (San Xurxo) | PONTEAREAS | PONTEVEDRA |

